

Traballamos ollando o futuro
COAS LIÑAS ICO, É MÁIS DOADO ALCANZAR AS TÚAS METAS



Liñas ICO 2021, deseñadas para cubrir as necesidades de todo tipo de empresas, de calquera tamaño e sector de actividade. Financiámos dende pequenos proxectos de investimento ata a expansión internacional dunha empresa, con longos prazos de amortización e carencia.

**PIDE XA FINANCIAMENTO ICO NO TEU BANCO
TRAMITALA É MOI DOADO
900 121 121 www.ico.es**



Aquí tes o catálogo completo das Liñas ICO 2021. Atopa a Liña que mellor se adapte ás túas necesidades:

- **ICO Empresas e Emprendedores 2021**
- **ICO Garantía SGR/SAECA 2021**
- **ICO Crédito Comercial 2021**
- **ICO Internacional 2021**
- **ICO Exportadores 2021**

Coas Liñas ICO, emprendedores, autónomos e empresas poden financiar as súas actividades empresariais e os seus proxectos de investimento, ou potenciar o desenvolvemento e expansión dos seus negocios tanto en España como en terceiros mercados.

Infórmate no teu banco ou en:

www.ico.es

900 121 121

@ICOGob

ICO Empresas e Emprendedores 2021

Financiamento para as túas actividades empresariais ou proxectos de investimento en España.



Quen pode solicitar esta Liña?

- Autónomos, empresas e entidades públicas e privadas, tanto españolas como estranxeiras que desexen levar a cabo actividades empresariais ou cubrir necesidades de liquidez dentro do territorio nacional.
- Particulares e comunidades de propietarios que desexen rehabilitar a súa vivenda ou edificio.

Onde podo solicitar este financiamento?

Diríxete ao teu banco ou entidade de crédito e solicita un préstamo ICO.

Canto importe podo pedir?

Ata 12,5 millóns de euros, nunha ou varias operacións.

Que podo financiar con esta Liña?

- Actividades empresariais e/ou, investimentos, así como as súas necesidades de liquidez e gastos relacionados co desenvolvemento da actividade da empresa dentro do territorio nacional.
 - Necesidades tecnolóxicas.
 - Adquisición de activos fixos novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos e industriais.
 - Adecuación e reforma de instalacións.
 - Adquisición de empresas.
 - Creación de empresas.
 - Necesidades de liquidez tales como gastos correntes, nóminas, pagamentos a provedores, compra de mercadotecnia.
- Rehabilitación de vivendas e edificios para particulares.



Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Podes elixir a modalidade de operación que máis se adapte ás túas necesidades entre préstamo, leasing, renting ou liña de crédito.

Que tipo de interese aplica?

Fixo ou variable, máis a marxe establecida pola entidade de crédito segundo o prazo de amortización. O custo máximo do produto para o cliente (TAE) que se pode aplicar ás novas operacións pódese consultar en www.ico.es

Pódenme cobrar comisións?

A entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao comezo da operación, ademais de, no seu caso, a de amortización anticipada.

Que prazos de amortización e carencia podo elixir?

De 1 a 20 anos coa posibilidade de ata 3 anos de carencia de principal en función dos prazos.

Necesito presentar garantías?

A entidade de crédito determina as garantías coa que se tramita a operación, agás aval de Sociedade de Garantía Recíproca (SGR) ou da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA).

ICO Garantía SGR/SAECA 2021

Financiamento orientado a autónomos e empresas que contan co aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR) ou SAECA para investimentos en España ou fóra do territorio nacional e/ou queiran cubrir as súas necesidades de liquidez.



Quen pode solicitar esta Liña?

Autónomos, empresas e entidades públicas ou privadas que contan co aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR) ou da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA). Para investimentos no exterior, as empresas deberán estar domiciliadas en España ou ter polo menos o 30% de capital de empresa española.

Onde pode solicitar este financiamento?

Diríxete ao teu banco ou entidade de crédito e solicita un préstamo ICO.

Canto importe pode pedir?

Ata 2 millóns de euros nunha ou varias operacións.

Que pode financiar con esta Liña?

- Actividades empresariais e/ou, investimentos, así como as súas necesidades de liquidez e gastos relacionados co desenvolvemento da actividade da empresa dentro ou fóra do territorio nacional:
 - Necesidades tecnolóxicas.
 - Adquisición de activos fixos novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos e industriais.
 - Adecuación e reforma de instalacións.
 - Adquisición de empresas.
 - Creación de empresas.
 - Necesidades de liquidez tales como gastos correntes, nóminas, pagamentos a provedores, compra de mercadotecnia.



Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Préstamo, leasing ou liña de crédito.

Que tipo de interese aplica?

Fixo ou variable, máis a marxe e custo do aval establecido pola entidade de crédito e a SGR/SAECA segundo o prazo de amortización. O custo anual máximo do produto para o cliente que se pode aplicar ás novas operacións pódese consultar en www.ico.es

Pódenme cobrar comisións?

A SGR ou SAECA cobrarán unha comisión de estudo de ata o 0,5% sobre o importe avalado. Adicionalmente, a SGR cobrará unha comisión sobre o importe avalado de ata o 4% en concepto de cota social mutualista. Este importe será reembolsado ao cliente unha vez que termine a relación coa SGR.

A entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao comezo da operación, ademais de, no seu caso, a de amortización anticipada.

Que prazos de amortización e carencia podo elixir?

Dende 1 ata 15 anos con ata 3 anos de carencia en función dos prazos.

Necesito presentar garantías?

A entidade de crédito, a SGR ou SAECA realizarán unha análise de cada solicitude e determinarán as garantías a achegar.

ICO Crédito Comercial 2021

Financiamento a curto prazo para as túas actividades empresariais.



Quen pode solicitar esta Liña?

Os autónomos e empresas con domicilio social en España que desexen obter liquidez mediante o anticipo do importe das facturas procedentes da súa actividade comercial dentro do territorio nacional, ou cubrir os custos de fabricación dos bens e servizos que vaian a ser obxecto de venda no territorio nacional.

Onde podo solicitar este financiamento?

Diríxete ao teu banco ou entidade de crédito e solicita un préstamo ICO.

Canto importe podo pedir?

Ata 12,5 millóns de euros de saldo vivo, nunha ou varias operacións.

Que podo financiar con esta Liña?

- Anticipos de facturas cun vencemento non superior a 180 días.
- Prefinanciamento para achegar liquidez á empresa para cubrir os custos de produción e elaboración do ben ou servizo obxecto da venda en territorio nacional.



Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Podes formalizar o tipo de contrato de financiamento que mellor se adapte ás túas necesidades, só tes que acordalo coa túa entidade de crédito.

Que tipo de interese aplica?

Variable máis a marxe establecida pola entidade de crédito. O custo máximo do produto para o cliente (TAE) que se pode aplicar ás novas operacións pódese consultar en www.ico.es.

Pódenme cobrar comisións?

A entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao comezo da operación, ademais de, no seu caso, a de amortización anticipada.

Necesito presentar garantías?

A entidade de crédito determina as garantías coa que se tramita a operación

ICO Exportadores 2021

Financiamento a curto prazo para facilitar a actividade exportadora das empresas.



Quen pode solicitar esta Liña?

Autónomos e empresas con domicilio social en España, que desexen obter liquidez mediante o anticipo do importe das facturas procedentes da súa actividade exportadora ou cubrir os custos previos de produción e elaboración dos bens ou servizos obxecto de exportación.

Onde podo solicitar este financiamento?

Dirixete ao teu banco ou entidade de crédito e solicita un préstamo ICO.

Canto importe podo pedir?

Ata 12,5 millóns de euros de saldo vivo, nunha ou varias operacións.

Que podo financiar con esta Liña?

- Anticipos de facturas cun vencemento non superior a 180 días.
- Prefinanciamento para achegar liquidez á empresa para cubrir os custos de produción e elaboración do ben ou servizo obxecto de exportación.



Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Podes formalizar o tipo de contrato de financiamento que mellor se adapte ás túas necesidades, só tes que acordalo coa túa entidade de crédito.

Que tipo de interese aplica?

Variable máis a marxe establecida pola entidade de crédito. O custo máximo do produto para o cliente (TAE) que se pode aplicar ás novas operacións pódese consultar en www.ico.es

Pódenme cobrar comisións?

A entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao comezo da operación, ademais de, no seu caso, a de amortización anticipada.

Necesito presentar garantías?

A entidade de crédito determina as garantías coa que se tramita a operación.

Tramo I Inversión e Liquidez

Quen pode solicitar esta Liña?

Autónomos, empresas e entidades públicas ou privadas domiciliadas en España ou con domicilio no estranxeiro que contén con polo menos un 30% do capital de empresa española.

Canto importe pode pedir?

Ata 12,5 millóns de euros ou o seu contravalor en dólares (USD).

Que pode financiar con esta Liña?

- Actividades empresariais e/ou investimentos, así como as súas necesidades de liquidez e gastos relacionados co desenvolvemento da actividade propia da empresa fóra do territorio nacional:
 - Necesidades tecnolóxicas.
 - Inversións fóra do territorio nacional.
 - Adquisición de activos fixos, novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos e industriais.
 - Adecuación e reforma de instalacións.
 - Adquisición de empresas.
 - Creación de empresas no estranxeiro. Necesidades de liquidez tales como gastos correntes, nóminas, pagamentos a provedores, compra de mercadotecnia.



Tramo I Inversión e Liquidez

Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Préstamo, leasing, ou liña de crédito.

Que prazos de amortización e carencia pode elixir?

Dende 1 ata 20 anos con ata 3 anos de carencia en función dos prazos.

Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo

Quen pode solicitar esta Liña?

- Empresas con domicilio social fóra de España que adquiren bens ou servizos con aprazamento do pagamento a empresas con domicilio en España ou con domicilio social fóra de España que teñan “interese español”. (*)
- Empresas con domicilio social en España ou con domicilio social fóra de España que teñan “interese español” e que vendan bens ou servizos con aprazamento do pagamento a empresas que teñan o seu domicilio social fóra de España.

(*) Como criterio xeral, considérase que existe interese español en todos aqueles investimentos en España, con independencia da nacionalidade do accionista ou titular do financiamento, e en investimentos fóra de España, se a participación, directa ou indirecta, da empresa española no capital do prestameiro ou garantido é de, polo menos, un 30% do seu capital ou se as subministracións, obras ou servizos proporcionados por empresas españolas supoñen polo menos o 30% do investimento total do proxecto, ou noutros supostos que se valorarán en cada operación. En calquera caso, ICO autorizará a existencia de interese español en función das circunstancias da operación.

Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo

Canto importe pode pedir?

Ata 25 millóns de euros ou o seu contravalor en dólares (USD) nunha ou varias operacións.

Que pode financiar con esta Liña?

- Crédito subministrador: financiamento destinada a empresas con domicilio social en España para a venda, con aprazamento de pagamento, de bens ou servizos, novos ou de segunda man, a empresas con domicilio social fóra de España.
- Crédito comprador: financiamento destinado a empresas con domicilio social fóra de España para a adquisición, con aprazamento do pagamento, de bens ou servizos, novos ou de segunda man, exportados por empresas con domicilio social en España ou con domicilio social fóra de España que teñan “interese español”.
- Financiamento Complementario: financiamento requirido pola empresa con domicilio social fóra de España que adquira os bens ou servizos exportados pola empresa con domicilio social en España que, non se cubriu na súa totalidade cun Crédito Comprador.

Que modalidade de financiamento pódese solicitar?

Préstamo.

Que prazos de amortización e carencia pode elixir?

Dende 2 ata 12 anos con ata 3 anos de carencia en función dos prazos.



Tramo I e Tramo II

Onde podo solicitar este financiamento?

Diríxete ao teu banco ou entidade de crédito e solicita un préstamo ICO.

Que tipo de interese aplica?

Fixo ou variable (euro ou dólar USD), máis a marxe establecida pola entidade de crédito segundo o prazo de amortización. O custo anual máximo do produto para o cliente que se pode aplicar ás novas operacións pódese consultar en www.ico.es

Pódenme cobrar comisións?

En ambos os dous tramos, a entidade de crédito poderá cobrar unha única comisión ao comezo da operación, ademais de, no seu caso, a de amortización anticipada.

Adicionalmente, no caso do Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo, a entidade de crédito poderá aplicar unha comisión de estudo/apertura.

Necesito presentar garantías?

A determinar pola entidade de crédito coa que se tramite a operación, agás aval de SGR/SAECA.

ICO comprometido cos ODS da Axenda 2030

OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE



As empresas teñen un papel protagonista e esencial na consecución dos obxectivos da Axenda 2030.

ICO dá un paso máis no seu compromiso coa sostibilidade da peme española, ademais de ofrecerche financiamento para os teus proxectos e actividades empresariais, infórmate dos cambios que a túa empresa debe adoptar para aliñarse coa Axenda 2030.

Infórmate en www.icopymeods.es

ICO recibiu financiamento de BEI e CEB en condicións vantaxosas destinada ao financiamento de investimentos de emprendedores, pemes e empresas de mediana capitalización.

COAS LIÑAS ICO, É MÁIS DOADO ALCANZAR AS TÚAS METAS

Pide xa financiamento ICO no teu banco
Tramitala é moi doado.



Instituto de Crédito Oficial



Infórmate no teu banco, en www.ico.es ou no 900 121 121